

**IDEGA**

Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvimento  
de Galicia

**MEMORIA ECONÓMICA  
E DE ACTIVIDADES**

**2011**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## **IDEGA**

Avda. das Ciencias, s/n.  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Telf.: 881814339  
Fax: 881814383  
E-mail: [idgsec@usc.es](mailto:idgsec@usc.es)  
Web: [www.usc.es/idega](http://www.usc.es/idega)



# ÍNDICE

<b>PRESENTACIÓN</b> .....	<b>5</b>
<b>ÓRGANOS DE GOBERNO E PERSOAL</b> .....	<b>13</b>
<b>GRUPOS DE INVESTIGACIÓN</b> .....	<b>19</b>
<b>PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN</b>	
I. Área de economía agroalimentaria e estudos rurais.....	33
II. Área de planificación, ordenación e desenvolvemento territorial.....	34
III. Área de economía galega e estudos sectoriais .....	37
IV. Área de demografía, mercado de traballo e economía social.....	38
V. Área de economía ambiental e recursos naturais .....	39
VI. Área de turismo.....	41
VII. Apoio a estruturas de investigación .....	43
<b>PUBLICACIÓNS</b>	
I. A economía galega. Informe 2010.....	47
II. Informe de conxuntura da economía galega .....	48
III. Observatorio inmobiliario.....	49
IV. Documentos de traballo idega.....	50
<b>DOCENCIA</b>	
I. Programa de Doutoramento en <i>Desenvolvemento Rexional e Integración Económica</i> .....	55
II. Primeiro obradoiro de doutoramento .....	55
III. Segundo obradoiro de doutoramento .....	55
IV. Posgrao Oficial en <i>Desenvolvemento Rexional e Integración Económica</i> ...	56
V. Máster en <i>Sociedade da información e do coñecemento</i> .....	56
VI. Curso de Perfeccionamiento en <i>Marketing Territorial</i> .....	56
VII. Máster en <i>Planificación e estratexias territoriais na Sociedade da Información: oportunitades de desenvolvemento nun mundo globalizado</i> .....	57
VIII. Curso de especialización en <i>Análise, planificación e estratexias territoriais na sociedade da información</i> .....	57
IX. Curso de perfeccionamento en <i>Estratexias de desenvolvemento rexional na sociedade da información</i> .....	57
IX. Curso de <i>Turismo sostible e desenvolvemento territorial</i> .....	57

**XORNADAS, CONFERENCIAS E SEMINARIOS**

I.	Xornada sobre “ <i>A reforma do sistema de pensións: unha valoración</i> ” .....	61
II.	Xornada sobre “ <i>Modelos de desenvolvemento de clusters e experiencias recentes</i> ” .....	61
III.	XVI Workshop on Dynamic Macroeconomics .....	61
IV.	Conferencia “ <i>El empleo de Internet en la investigación</i> ” .....	61
V.	Conferencia “ <i>Investigación con la web 2.0</i> ” .....	61
VI.	IX Xornadas de Economía Laboral.....	62
VII.	Seminario de doutoramento “ <i>Markets for Biomass</i> ” .....	62
VIII.	Xornadas SINDUR “ <i>Da cidade dixital a cidade aumentada. Impulsando a intelixencia social en Santiago de Compostela</i> ” .....	62
	<b>PUBLICACIÓNS 2011 INVESTIGADORES DO IDEGA .....</b>	<b>63</b>
	<b>ORZAMENTO E BALANCE DE SITUACIÓN DO IDEGA .....</b>	<b>73</b>

# **PRESENTACIÓN**

---



Dadas as peculiares circunstancias que Galicia presenta para o seu desenvolvemento (situación periférica, acusado avellentamento, elevadísima dispersión da poboación e fortes desequilibrios internos), resulta imprescindible a existencia dun centro universitario que, desde unha perspectiva transdisciplinar e coa colaboración de diversas entidades públicas e privadas, realice este amplo labor de investigación e estudo da realidade socioeconómica e territorial. Esta tarefa vén sendo realizada desde hai máis de 30 anos polo **Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)**, a través do desenvolvemento dunha forma integrada e transdisciplinar de proxectos de investigación nas distintas áreas nas que se encadran os problemas anteriormente citados.

A confluencia de investigadores de **dez áreas de coñecemento de Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias Experimentais** que posúen notables diferenzas en canto á súa dinámica investigadora (clasificación temática, resultados da investigación, visibilidade, etc.) é a **principal singularidade** do IDEGA. Un importante número de proxectos realizados, sobre todo os relacionados coa planificación estratéxica territorial, requiren ademais a incorporación de investigadores doutras áreas científicas, en principio menos afíns (Bioloxía, Física, Arquitectura, Enxeñaría, etc.), pero imprescindibles para o correcto desenvolvemento das investigacións propostas, e coas que é necesario ter unha relación máis estreita, só factible desde **unha estrutura de investigación flexible e transdisciplinar** como o IDEGA. Este enfoque resulta clave, porque os problemas da sociedade non pertencen a unha soa disciplina, senón que transcenden o ámbito social, económico, cultural e tecnolóxico.

O IDEGA ten como principais obxectivos a investigación básica e a aplicada no ámbito das ciencias sociais, tanto sobre os problemas de desenvolvemento económico do pasado coma do presente, con especial atención á realidade social e económica de Galicia. Partindo deste presuposto, o IDEGA preséntase como un **centro multidisciplinar de investigación e de formación** de referencia, que debe facilitar a consecución dun **crecemento global sostible para eliminar os desequilibrios territoriais**. O seu obxectivo é fomentar a investigación científica, a xeración de **coñecemento sobre a realidade social, económica e territorial de Galicia e a difusión dos seus resultados en beneficio de toda a sociedade**, así como formar diferentes perfís de axentes de desenvolvemento territorial.

**Os seus obxectivos fundamentais**, perseguidos a través das investigacións básicas e aplicadas desenvolvidas nas liñas de investigación da área científico-técnica “Humanidades e Ciencias Sociais”, priorizan a análise e estudo do desenvolvemento sostible desde unha perspectiva rexional; considerando as súas tres dimensións básicas conxuntamente (medioambiental, económica e social) pódense sintetizar nos seguintes puntos:

- .- Realizar proxectos de investigación, asesoramento e apoio técnico nos ámbitos da súa análise.
- .- Contribuír á xeración e desenvolvemento de metodoloxías nos campos de Economía, Xeografía, Historia, Socioloxía e Demografía que permitan avanzar no coñecemento científico destas áreas.
- .- Facilitar aos mozos graduados a súa formación e actividade investigadora nas liñas do Instituto para que poidan incorporarse ao actual sistema de investigación, desenvolvemento e innovación.
- .- Fomentar, impulsar e potenciar as relacións científicas de investigación e docencia con outros Centros nacionais e internacionais.

- Publicar os resultados das súas investigacións en libros, artigos científicos e de divulgación, e presentalos a través de relatorios e comunicacións en congresos nacionais e internacionais.
- Organizar congresos, seminarios, mesas redondas e xornadas de portas abertas para difundir os resultados obtidos nos proxectos de investigación.

Os obxectivos actuais coinciden exactamente cos iniciais de creación do Instituto hai xa 36 anos. O IDEGA, durante todo este período, amosou o seu compromiso co fomento da investigación científica, a xeración de coñecemento sobre a realidade social, económica e territorial de Galicia e a difusión dos seus resultados en beneficio de toda a sociedade. Publicacións como o informe anual sobre *A Economía Galega*, a coordinación de Plans Estratéxicos de desenvolvemento local e provincial, o importante número de proxectos competitivos sobre a investigación socioeconómica e territorial de Galicia, os numerosos cursos, seminarios, encontros e congresos e o importante número de investigadores formados sitúan o **IDEGA como principal centro de investigación socioeconómica e territorial de Galicia** e referente para a toma de decisións das institucións públicas e privadas que inflúen no desenvolvemento territorial nas sociedades do noso contorno.

O IDEGA atópase fortemente imbricado no seu contorno social e económico. Esta importante **presenza do contorno institucional e da iniciativa privada** aséguralle ao IDEGA un papel fundamental no diálogo universidade-sociedade, concedéndolle á investigación un lugar central no que se refire á transferencia de coñecemento como se recoñeceu na avaliación externa á que foi sometido o instituto durante o ano 2010 dentro do período voluntario do Plan de Promoción dos Institutos de Investigación da USC. Neste sentido cómpre salientar, por último, que fóra do eido universitario o IDEGA colabora con outras institucións e empresas, a través da realización de informes e asesoramento técnico nos ámbitos da nosa competencia, como son CIEF-Fundación Caixa Galicia, Instituto Galego de Estatística, Fundación Arao, Instituto Enerxético de Galicia INEGA, Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia S.A, Deputación Provincial da Coruña, Deputación Provincial de Lugo, Tribunal Galego de Defensa da Competencia, Fundación Triptolemos, Consorcio da Zona Franca de Vigo e Fundación Carolina, entre outros.

De cara ao futuro, o IDEGA seguirá afondando nos obxectivos anteriores, cunha clara preocupación pola aplicabilidade do coñecemento xerado. A realización de proxectos con marcado carácter multidisciplinar (consolidación de liñas de investigación como a medioambiental, os estudos turísticos e os problemas socioeconómicos da dispersión e o avellentamento da poboación), a difusión das investigacións mediante publicacións e congresos, o traballo con investigadores mozos e a consolidación de redes con outros centros de investigación nacionais e internacionais son os obxectivos máis importantes para o futuro.

O IDEGA pon a disposición do público, anualmente, esta memoria descritiva das súas actividades, a cal, xunto coas súas publicacións e a súa páxina web (<http://usc/idega.es/>) permiten un mellor coñecemento do centro. Pretendemos que na Memoria se recolla unha información completa sobre o noso labor investigador e o resto de actividades que se desenvolveron ao longo do último ano. Igualmente, ofrécese información sobre as entidades e as persoas que compoñen na actualidade os seus órganos de goberno e o seu persoal permanente, así como sobre os fluxos e fondos de carácter económico-financeiro que son a contrapartida, e o soporte, da súa actividade.



## RESUMO DA ACTIVIDADE DO IDEGA EN 2011

Como se detalla na memoria que se presenta, no ano **2011** a crise económica déixase notar con intensidade na actividade de investigación do instituto, especialmente relevante é a ausencia de convocatorias de financiación pública de investigación, que nun contexto normal. Non obstante, a **actividade investigadora, aínda que máis reducida en número de proxectos, se desenvolve con investigacións cada vez máis ambiciosas**, que manteñen o IDEGA como referente básico na promoción dos estudos sociais, económicos e territoriais sobre a realidade galega. Cómpre destacar que o IDEGA realiza un importante labor de transferencia coa organización de numerosas xornadas, seminarios e reunións científicas que o sitúan como primeiro instituto da USC en número de actividades ofertadas (supón máis da metade da oferta total dos institutos da USC).

Os datos das memorias económicas da USC sitúan o IDEGA en 2010 como o primeiro instituto de investigación por número de actuacións e terceiro por crédito cun peso moi relevante e cada vez máis próximo ao instituto líder. En todo caso, a crise económica deixouse sentir cun descenso importante no crédito de investigación (en torno ao 25%, como xa adiantáramos na memoria de 2010).

TOTAL INVESTIGACIÓN (Capítulo VI)						
	2004		2008		2010	
	TOTAL ACTUACIÓNS	CRÉDITO	TOTAL ACTUACIÓNS	CRÉDITO	TOTAL ACTUACIÓNS	CRÉDITO
IDEGA	61	1.052.927,32	131	2.316.863,60	138	1.623.909,78
TOTAL INSTITUTOS	367	8.581.813,93	540	13.261.397,19	500	10.460.476,69
TOTAL USC	2955	56.712.054,38	4.048	94.014.141,98	3.597	67.428.391,62
PARTICIPACIÓN IDEGA TOTAL INSTITUTOS	16,62%	12,27%	24,26%	17,47%	27,60%	15,52%
POSICIÓN ENTRE INSTITUTOS	PRIMEIRO	CUARTO	PRIMEIRO	SEGUNDO	PRIMEIRO	SEGUNDO

Nota: Elaboración propia a partir do CADRO 2.13 da Memoria Económica da USC

Ao peche do exercicio de 2011, o IDEGA contaba cun orzamento anual de xestión de máis de 56.000 euros, grazas basicamente ás contribucións de financiamento provenientes dos grupos de investigación que desenvolven os seus proxectos no Instituto. A esta cantidade deben sumarse os 86.412,67 € retidos pola USC dos fondos de investigación do IDEGA, situación que neste momento, pasados dous anos, pon en perigo a continuidade de proxectos de investigación en curso e do seu persoal. Pola súa banda, o orzamento de investigación, docencia e cooperación internacional en 2011 alcanzou os 1.669.898,56 €, o que supón en torno ao 10% menos que en 2010, un descenso forte pero moi inferior ao acontecido en 2010 (superior ao 20%). Aínda que a caída na actividade investigadora en crédito é importante, o IDEGA confirma a súa posición nun contexto interno e externo moi complicado. Os detalles do orzamento preséntanse na sección IX.

Os órganos de goberno do IDEGA (sección I) celebraron as súas reunións estatutarias ordinarias no período lectivo: a xunta de goberno, o día 27 de xuño de 2011, e o consello científico, os días 4 de marzo, 29 de abril e 20 de decembro. Ademais celebráronse tres reunións da comisión permanente (25 xaneiro, 11 maio e 13 outubro).

Ao longo do ano os sete grupos de investigación adscritos ao IDEGA (sección II) desenvolveron a súa actividade nas liñas de investigación preferente que caracterizan o traballo realizado no instituto: economía agroalimentaria e estudos rurais, ordenación e desenvolvemento territorial, economía galega, mercado de traballo e economía social, economía ambiental e recursos naturais e turismo. Ademais do persoal pertencente aos grupos de investigación, o IDEGA recibe anualmente un importante número de profesores e investigadores visitantes que utilizan temporalmente as súas instalacións. Neste último ano o número de investigadores invitados alcanzou os 15, grazas aos convenios de colaboración coa **Universidade de la Habana en Cuba** e ao acordo de intercambio de alumnos coa **Università degli studi di Salerno en Italia**, dentro do programa europeo "**Erasmus placement**", o que, sumados os investigadores adscritos, supón que durante 2011 as persoas que traballaron no IDEGA superaron con moito o medio cento.

Os proxectos de investigación desenvolvidos en 2011 describíense na sección III. Con algúns destes proxectos o IDEGA trata de dar resposta á demanda que lle dirixen organismos privados ou públicos, nacionais ou internacionais. En particular, en 2011, leváronse a cabo 44 proxectos de investigación, número similar ao ano 2010 e 1 proxecto de cooperación internacional en docencia. Un importante froito destes proxectos son a edición por parte do IDEGA de varias publicacións en distintos formatos (sección IV).

Ao longo de 2011 o labor docente do instituto viuse afectado negativamente pola redución da axuda institucional ao programa de doutoramento "**Apoio académico e institucional ao programa de doutoramento de Universidade de La Habana**" en Cuba. Por outra banda, o programa de doutoramento "**Desenvolvemento Rexional e Integración Económica**" é un éxito confirmado, cubrindo en cada curso o total de prazas ofertadas. Neste contexto celebráronse dous obradoiros de doutoramento onde os alumnos presentaron os seus avances. Por último, durante 2011 os grupos de investigación do IDEGA coordinaron e dirixiron o **Máster en Sociedade da Información e do Coñecemento, Máster en planificación e estratexias territoriais na Sociedade da Información: oportunidades de desenvolvemento nun mundo globalizado** e os Cursos de **Perfeccionamiento en Marketing Territorial**, Curso de especialización en **Análise, Planificación e Estratexias territoriais na Sociedade da Información**, Curso de perfeccionamento en **Estratexias de desenvolvemento rexional na Sociedade da Información** e Curso de perfeccionamento en **Turismo sostible e desenvolvemento territorial**.

O seminario interno de investigación do IDEGA desenvolveuse durante SETE xornadas a cargo de investigadores internos e procedentes doutros centros (sección VI). Os seminarios realízanse en colaboración co programa de doutoramento e coa Fundación Caixa-Galicia. Cómpre destacar a organización das IX Xornadas de Economía Laboral en colaboración coa Asociación Española de Economía del Trabajo-AEET, a Escola Universitaria de Relacións Laborais da Universidade de Santiago, o CIEF-Fundación Caixagalicia, o Ministerio de Trabajo e Inmigración, o Ministerio de Economía e Competitividade, a Fundación Feiraco, a Consellería de Traballo e Benestar e o Consello Galego de Relacións Laborais.

Os investigadores do IDEGA publican os seus traballos en revistas profesionais españolas e internacionais (ver detalle na sección VIII) e preséntanos en seminarios e conferencias.

As seccións seguintes presentan na orde xa mencionada os detalles das diferentes áreas de actividade do IDEGA. Esperamos que o exercicio de transparencia que esta memoria implica estimule de forma permanente a mellor adecuación posible entre os obxectivos e os recursos, en virtude do compromiso que o IDEGA contrae coa sociedade mediante a súa publicación.



# **ÓRGANOS DE GOBERNO E PERSOAL**

---



## XUNTA DE GOBERNO

---

Presidente: **D. Juan José Casares Long.** Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

**D. Francisco González García.** Vicerreitor de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela.

**D. Javier López Martínez.** Director do Instituto de Estudos Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza.

**D. Xesús García López.** Presidente do Padroado da Fundación FEIRACO.

**D. José Luis Méndez López.** Presidente da Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín.

**D. Pablo Ejerique Martínez.** Presidente do Consello Económico e Social de Galicia.

**D. José Lino Comesaña Calvo.** Director de Desenvolvemento Económico e Fomento do Emprego de Novacaixagalicia.

**D. Rogelio Conde-Pumpido Tourón.** Director do Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía do CITT da USC.

**D. Melchor Fernández Fernández.** Director do IDEGA.

**D. Miguel Pazos Otón.** Secretario do IDEGA.

**D. Joam Carmona Badía.** Representante do Consello Científico do IDEGA.

**D. Alberto Meixide Vecino.** Representante do Consello Científico do IDEGA.

## **DIRECTOR:**

---

**Melchor Fernández Fernández**

## **SECRETARIO:**

---

**Miguel Pazos Otón**

## **CONSELLO CIENTÍFICO**

---

Aldrey Vázquez, José Antonio  
Antelo Suárez, Manel  
Ares Fernández, Juan J.  
Balboa López, Xesús Leopoldo  
Bande Ramudo, Roberto  
Carmona Badía, Joam  
Castañón Llamas, Luís  
Fernández Fernández, Melchor  
Fernández Grela, Manuel  
Fernández Prieto, Lourenzo  
Ferrás Sexto, Carlos  
García Negro, María do Carme  
Giráldez Rivero, Xesús  
González Manteiga, Wenceslao  
Jordán Rodríguez, Manuel

Lois González, Rubén C.  
López García, Xosé  
López Iglesias, Edelmiro  
Loureiro García, María L.  
Marey Pérez, Manuel Francisco  
Meixide Vecino, Alberto  
Pazos Otón, Miguel  
Pousa Hernández, Miguel  
Ricoy Riego, Carlos J.  
Riveiro García, María Dolores  
Rojo Sánchez, Xavier  
Santos Solla, Xosé  
Sineiro García, Francisco  
Suárez Piñeiro, Ana María

## **COMISIÓN PERMANENTE**

---

Fernández Fernández, Melchor  
Fernández Grela, Manuel  
Ferrás Sexto, Carlos  
Pazos Otón, Miguel



## PERSOAL INVESTIGADOR

- André Carrascal Incera, Bolseiro de Iniciación a Investigación
- Diana Pérez Dacal, Investigadora contratada
- Yolanda García Vázquez, Investigadora Predoutoral
- Francisco José Armas Quintá, Investigador contratado
- Mariña Pose García, Contratada FPI
- Diana Fernández Méndez, Bolseira de Iniciación a Investigación
- María Lobo Rey, Investigadora contratada
- Aureliano García Suárez Llanos, Investigador contratado
- Elva López Mourelo, Bolseira FPU
- Istiven Spiteri, Investigador contratado
- Manuel Fernando Flores Mallo, Programa María Barbeito
- Natalia Bouso Bouso, Programa Lucas Labrada
- Ángeles Piñeiro Antelo, Programa Ánxeles Alvariño
- Luis María Ulloa Guitián, Investigador contratado
- Luis Franco Vázquez, Investigador contratado
- David Rodríguez Lorenzo, Investigador contratado
- Fernando Corbelle Cacabelos, Bolseiro de investigación
- Antonia Cristina Cocña Iglesias, Investigadora contratada
- Dominic Royce, Bolseiro de Investigación
- Maria del Carmen Vilariño López, Investigadora contratada
- Maria Alló Pazos, Investigadora contratada
- Jesús Barreal Pernas, Investigador contratado
- Rocío Domínguez Álvarez, Investigadora contratada
- María Xosé Sanmartin Cabeda, Investigadora contratada
- Paula Elena Fernández Páez, Becaria AECID
- Valerià Paül Carril, Investigador contratado
- Alejandra María Feal Pérez, Investigadora contratada
- José Carlos Macía Arce, Investigador contratado
- Vanessa Calvo Cambón, Investigadora contratada
- Carlos Rosado Pérez, Investigador contratado
- Dario Real Fernández, Investigador contratado
- Xiana Rodil Fernández, Investigadora contratada
- Miguel Boubeta Martínez, Bolseiro de colaboración
- Manuel Cabalar Fuentes, Investigador contratado
- David Otero Janeiro, Investigador contratado

## PERSOAL DO CETUR

- Dulce Costas Carro, Investigadora contratada
- Paula Solla Sineiro, Investigadora contratada
- Guido Álvarez Parga, Investigador contratado
- Pilar Taboada de Zúñiga Romero, Investigadora contratada

## **INVESTIGADORES INTERNACIONAIS**

- Félix Francisco Marrero Prieto
- Patricia Ramos Hernández
- Alberto Ménendez Vázquez
- Yordanka Cribeiro Díaz
- Maylex Darias Soñora
- Marcos Persich
- Aizhan Samanbayeva
- Arstanbek Sagyntai Uulu
- Susumu Yoshida
- José Clemente Polo Andrés
- Mario Russo
- Sonia Angelesi
- Luigi Lupinell Donniacuo
- Yamilé Pérez Guilarte
- Rozaliya Shaybekyan

## **TÉCNICOS E PERSOAL DE APOIO**

---

### ADMINISTRACIÓN

- María García Ferreiro
- María Dolores Tuñas Riveiro

### TÉCNICO INFORMÁTICO

- Manuel López Sande

# **GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**

---



## ANÁLISE TERRITORIAL GI-1871

### *Liñas de investigación:*

- ✓ Análises socioeconómicas con implicacións territoriais: turismo, industria, transportes-mobilidade, pesca
- ✓ Desenvolvemento local
- ✓ Ordenación do territorio: urbanismo
- ✓ Medio ambiente: espazos naturais, diagnóstico ambiental, climatoloxía aplicada
- ✓ Cooperación internacional ao desenvolvemento. Loita contra o empobrecemento

### *Coordinador:*

Lois González, Rubén Camilo

### *Investigadores:*

Durán Villa, Francisco Ramón  
 Martí Ezpeleta, Alberto  
 Orduña Domingo, María Teresa  
 Paül Carril, Valerià  
 Pazos Otón, Miguel  
 Piñeira Mantiñán, María Xosé  
 Rodríguez González, Román  
 Suárez Piñeiro, Ana María  
 Verdugo Matês, Rosa María  
 Bouso Bouso, Natalia  
 Lopez, Lucrezia  
 Piñeiro Antelo, María Anxos  
 Ulloa Guitián, Luis María  
 Macía Arce, José Carlos  
 Miramontes Carballada, Ángel

### *Colaboradores externos:*

Calvo Silvosa, Anxo Ramón, Universidade da Coruña  
 Castro Fernández, Belén María, CESUGA. Centro de Estudios Superiores Universitarios de Galicia  
 Araujo da Silva, Onildo, Universidade Estadual de Feira de Santana UEFS  
 Figueira Almeida Urbano Medonça, Joao Pedro, Universidade Lusíada do Porto.

## ANÁLISE ECONÓMICA GI-1922

### *Liñas de investigación:*

- ✓ Microeconomía
- ✓ Macroeconomía
- ✓ Economía financeira
- ✓ Crecemento e desenvolvemento económico
- ✓ Economía Internacional
- ✓ Economía rexional e sectorial
- ✓ Historia do Pensamento Económico

### *Coordinador:*

Ricoy Riego, Carlos Javier

### *Investigadores:*

Ares Fernández, Juan José

Barcia Domínguez, María José

Meixide Vecino, Alberto

Trelles González, Rafael

Vázquez Suárez, M.

Vilas Fernández, Manuel Ángel

Villar Casas, Gumersindo

**ECONOMÍA AGROALIMENTARIA E MEDIOAMBIENTAL,  
DESENVOLVEMENTO RURAL E ECONOMÍA SOCIAL GI-1899**

***Liñas de investigación:***

- ✓ Economía agroalimentaria
- ✓ Economía medioambiental
- ✓ Políticas agrarias e de desenvolvemento rural
- ✓ Xestión económica das explotacións agrarias
- ✓ Socioloxía rural
- ✓ Comportamento do consumidor
- ✓ Economía social e cooperativismo
- ✓ Desenvolvemento rexional
- ✓ Migracións
- ✓ Finanzas e seguros

***Coordinador:***

López Iglesias, Edelmiro

***Investigadores:***

Castañón Llamas, Luis  
Fernández Leiceaga, Xaquín M.  
García Arias, Ana Isabel  
Jordán Rodríguez, Manuel  
Pérez Fra, María do Mar  
Santiso Blanco, Xurxo  
Sineiro García, Francisco  
Valdés Pazos, Bernardo  
Vázquez González, Ibán  
Lorenzana Fernández, Roberto

***Colaboradores externos:***

Arnalte Alegre, Eladio Vicente, Universidad Politécnica de Valencia  
Ceña Delgado, Felisa, Universidad de Córdoba

## GRUPO DE ECONOMÍA AMBIENTAL E XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS NATURAIS GI-2037



### *Liñas de investigación:*

- ✓ Economía ambiental (valoración de activos ambientais, análise de políticas de incentivos e estudos metodolóxicos de valoración)
- ✓ Economía da enerxía (análise do impacto externo e análise do ciclo da vida)
- ✓ Economía dos recursos naturais (recursos agrarios, pesqueiros e forestais)
- ✓ Economía da saúde (obesidade, tabaco e pesticidas-productos ecolóxicos)

### *Coordinadora:*

Loureiro García, María Luz

### *Investigadoras:*

Barrio Martínez, Melina  
Barreal Pernas, Jesús  
Domínguez Álvarez, Rocío  
Domínguez Arcos, Fernando  
Alló Pazos, María

### *Colaboradores externos:*

John B. Loomis, Colorado State University  
Paulo A. L. Nunes, FEEM, Fundación Eni Enrico Mattei  
Ojea Fernández-Colmeiro, Elena, Bc3 Bask Center for Climate Change  
Rodolfo Nayga, Jr., University of Arkansas  
Bradshaw, Richard, University of Liverpool  
Lavandeira Villot, Xabier, Universidade de Vigo



---

**GRUPO DE INVESTIGACIÓN SOCIEDADE, TECNOLOXÍA E TERRITORIO  
GI-1832**


---

***Liñas de investigación:***

- ✓ Planificación urbana e rexional
- ✓ Planeamento participativo
- ✓ Desenvolvemento rural-urbano
- ✓ Planificación estratéxica
- ✓ Márketing territorial
- ✓ Novas Tecnoloxías e Sociedade
- ✓ Xeografía da Sociedade da Información

***Coordinador:***

Ferrás Sexto, Carlos

***Investigadores:***

García Vázquez, Yolanda

Moreira, Víctor José

Pose García, Mariña

***Colaboradores externos:***

Patrick O'Flanagan, University College Cork

John Naylor, Keele University

Xosé M. Souto González, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento

Antonio Sánchez Bernal, Universidad de Guadalajara

João Sarmento, Universidade do Minho

Artur Serra Hurtado, Universidad Politécnica de Cataluña

Antonio Lucas Soares, INESC. Universidade do Porto

Joaquín Pinto Escribano, Centro Internacional de Tecnologías Avanzadas para el desarrollo rural (CITA)

Martin Scheer, International School of Management. ISM-Dortmund

Jesús Arroyo Alejandro, CUCEA. Universidad de Guadalajara. México

Joana Seguí Pons, Universidad Islas Baleares

**GRUPO DE ESTUDOS DE HISTORIA EMPRESARIAL E SECTORIAL.  
PESCA, INDUSTRIA E COMERCIO GI-1170**

---

***Liñas de investigación:***

- ✓ Historia e economía da pesca e da construción naval
- ✓ Relacións Económicas Internacionais
- ✓ Historia industrial
- ✓ Historia da empresa
- ✓ Historia do traballo
- ✓ Patrimonio industrial e marítimo

***Coordinador:***

Carmona Badía, Joam

***Investigadores:***

Espido Bello, María del Carmen

Fernández González, Ángel Ignacio

Giráldez Rivero, Jesús

Lebrancón Nieto, Joseba

Lozano Courtier, Alberto

Macías Vázquez, Alfredo

Muñoz Abeledo, Luisa

## GRUPO DE ANÁLISE E MODELIZACIÓN ECONÓMICA GI-1883



IDEGA  
Avenida de Ciencias, Chabot nº 1  
Campus Universitario Sur  
15782 Santiago de Compostela

Tel: +34 981 99 11 00 / +34 981 99 31 00. fax: 14330 Fax: +34 981 99 99 35

**Liñas de investigación:**

- ✓ Contabilidade Social
- ✓ Análise Input-Output
- ✓ Integración Económica
- ✓ Economía Internacional
- ✓ Economía laboral
- ✓ Análise de Eficiencia e Produtividade
- ✓ Historia do pensamento económico

**Coordinador:**

Fernández Fernández, Melchor

**Investigadores:**

Bande Ramudo, Roberto  
 Canay Pazos, José Raúl  
 Fernández Castro, María Belén  
 Fernández Grela, Manuel  
 Herranz González, Roberto  
 Pereira López, Jesús  
 Rey Suárez, Pedro María  
 Riveiro García, María Dolores  
 Fernández Páez, Paula Elena  
 Flores Mallo, Manuel Fernando  
 López Mourelo, Elva  
 Samambayeva, Aizham  
 Yosida, Susumu  
 Carrascal Incera, André  
 Corbelle Cacabelos, Fernando  
 Fernández Méndez, Diana  
 Tuñas Riveiro, María Dolores

**Colaboradores externos:**

Montuenga Gómez, Víctor Manuel, Universidad de Zaragoza  
 Polo Andrés, José Clemente, Universidad Autónoma de Barcelona  
 Manrique de Lara Peñate, Casiano, Universidad de Las Palmas de Gran Canaria  
 Sergio Destefanis, U. degli Studi di Salerno  
 Vania Sena, Aston Business School  
 Guadalupe Fugarolas Álvarez-Ude, Caixa Galicia  
 Salvatore Capasso, University of Naples, Parthenope  
 Fuentes Castro, Daniel, Universidad de Zaragoza  
 Pena Boquete, Yolanda, Universidade de Vigo




# **PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN**

---



Liñas xerais evolución da investigación no IDEGA nos últimos anos

**1.- Redución da actividade ata niveis similares aos do ano 2005, aínda que con maior orzamento.**



**2.- Reequilibrio por áreas. Situación similar a 2010.**





Gráfico 3: Distribución por áreas 2011



### 3.- Caída dos ingresos por investigación (aproximadamente a metade do acontecido en 2010).

Gráfico 4: Evolución ingresos investigación 2000-2011





## I. ÁREA DE ECONOMÍA AGROALIMENTARIA E ESTUDOS RURAIS

1. ***Impacto da desaparición da política de cotas nas explotacións de leite galegas***  
 Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de I+D  
***Investigador principal:*** Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
2. ***Plan estratéxico do Cluster Alimentario de Galicia (primeira parte)***  
 Proxecto de investigación financiado polo Cluster Alimentario de Galicia  
***Investigador principal:*** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
3. ***Marketing territorial como estratexia de desenvolvemento do sector alimentario de Galicia***  
 Proxecto de investigación polo Cluster Alimentario de Galicia  
***Investigador Principal:*** Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.
4. ***Programa de avaliación de accións estratéxicas a desenvolver polo Clúster Alimentario de Galicia***  
 Proxecto de investigación financiado polo Cluster Alimentario de Galicia  
***Investigador principal:*** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
5. ***Estudio sobre a configuración dun sistema de indicadores de evolución dos mercados de leite e produtos lácteos***  
 Proxecto de investigación financiado por INLAC-Organización Interprofesional Láctea.  
***Investigador principal:*** Jorge A. Santiso Blanco, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela.
6. ***Evaluation of common agricultural policy measures applied to the dairy sector***  
 Proxecto de investigación financiado por LEI WAGENINGEN UR  
***Investigador principal:*** Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

## II. ÁREA DE PLANIFICACIÓN, ORDENACIÓN E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

---

1. ***Sociedade da información e desenvolvemento urbano- rexional. Aplicación de metodoloxías de E-inclusión e marketing territorial***  
Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación  
***Investigador principal:*** Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
2. ***Impulso do desenvolvemento socioeconómico e difusión da utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información (PROXECTO GRANXAFAMILIAR)***  
Proxecto de investigación financiado pola Fundación Feiraco, Cáritas Diocesana de Santiago  
***Investigador principal:*** Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
3. ***Desenvolvemento e execución do Plan Estratégico da provincia da Coruña***  
Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín  
***Investigador principal:*** Juan J. Ares Fernández, Escola de Relacións Laborais/IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela.
4. ***Colaboración para a elaboración do Plan Estratégico da provincia de Lugo para o período 2008/2013***  
Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín  
***Investigador Principal:*** Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago.
5. ***Deseño de instrumentos económico-territoriais para a xestión administrativa do desenvolvemento local en Senegal, Cabo Verde e Mali***  
Proxecto de investigación financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI)  
***Investigador principal:*** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

6. ***Elaboración do Laboratorio de Estudos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (LEER)***  
 Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín e Ingeniería y Economía del Transporte, S.A (INECO)  
***Investigadora principal:*** María Dolores Riveiro García, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
7. ***Servizo de consultoría para a elaboración dun plan de formación para a AISTI enfocado en cursos de especialización no dominio da sociedade da información***  
 Proxecto de investigación financiado pola Asociación Iberica de Sistemas e Tecnoloxías de Información  
***Investigador principal:*** Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
8. ***Sistema de indicadores para o análise das dinámicas urbanas e metropolitanas en España a comezos do século XXI***  
 Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación  
***Investigador principal:*** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.
  
9. ***Spatial indicators for a “Europe 2020 Strategy” territorial analysis (SIESTA)***  
 Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea  
***Investigador principal:*** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.
  
10. ***Ilustración do Diccionario de xeografía urbana, urbanismo e ordenación do territorio”***  
 Proxecto de investigación financiado polo Goberno do Principado de Asturias  
***Investigador principal:*** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.
  
11. ***Master Internacional en planificación, desenvolvemento local e ordenación do territorio en África Occidental***  
 Proxecto de investigación financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI)  
***Investigador principal:*** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

12. *Redacción dos capítulos relativos ao estudo da paisaxe integrada, benchmarking de rehabilitación de patrimonio industrial e revisión dos posibles marcos legislativos aplicables no seo do plan-estudo de usos do Charango (Tal, Muros)*

Proxecto de investigación financiado por Oscar Fuentes Dopico

*Investigador principal:* Valerià Paül Carril, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela.

13. *Mellorando as técnicas de comunicación*

*Investigador principal:* Xosé López García, Departamento de Ciencias da Comunicación/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

### III. ÁREA DE ECONOMÍA GALEGA E ESTUDOS SECTORIAIS

1. ***A Economía Galega. Informe 2010***  
 Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín  
***Investigador principal:*** Alberto Meixide Vecino, CIEF, Fundación Caixa Galicia, IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
2. ***Observatorio Inmobiliario***  
 Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín  
***Investigador principal:*** Manuel Vilas Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica, Universidade de Santiago de Compostela
3. ***Informe de conxuntura da economía galega***  
 Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín  
***Coordinador:*** Alberto Meixide Vecino, CIEF, Fundación Caixa Galicia, IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
4. ***Elaboración do proxecto de Internacionalización da empresa galega***  
 Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín  
***Investigador principal:*** Juan José Ares Fernández, Escola de Relacións Laborais /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
5. ***Análise de valor aplicado á xestión de proxectos***  
 Proxecto de investigación financiado por Nortagro, S.L.  
***Investigador principal:*** Carlos Amiama Ares, Departamento de Enxeñaría Agroforestal, Universidade de Santiago de Compostela.
6. ***Desenvolvemento de negocio da empresa ACIO IT CONSULTING***  
 Proxecto de investigación financiado por ACIO IT CONSILTING, S.L.  
***Investigador principal:*** Efren Arias Jordan, Departamento de Electrónica e Computación, Universidade de Santiago de Compostela.

## IV. ÁREA DE DEMOGRAFÍA, MERCADO DE TRABAJO E ECONOMÍA SOCIAL

---

1. ***Elaboración do proxecto do Observatorio do Envellecemento***  
Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín  
***Investigador principal:*** Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
2. ***Partnership, healthy eating and innovative governance as tools to counteract obesity and overweight (OBESITY GOVERNANCE)***  
Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea  
***Investigadora principal:*** María L. Loureiro García, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
3. ***Cambios nos patróns de consumo e aforro despois dunha crise: efectos sobre o mercado de traballo***  
Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de I+D  
***Investigador principal:*** Roberto Bande Ramudo, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
